

GAIJA BABA



SINOPSE

O mundo, devorado polos residuos, perdeu a súa cor. Frío, gris e cuberto de desperdicios é reinado por unha terrible catástrofe: o lixo. Seres sen piedade impóñense como amos incontestábeis dunha terra erma.

Sen embargo, alguén queda neste falmaguento mundo. Alguén queda **barrendo** sen cesar as ondas de lixo que sempre voltan. Alguén queda coa esperanza de que a natureza recupere os seus dereitos: a meiga GAIÁ BABA.

A súa **aventura** comeza o día que, entre o lixo, descubre aquilo que cría perdido para sempre...



A OBRA

Contaminación, quecemento global, animais extintos ou en perigo de facelo, caos... O universo de GAIA BABA non asemella tan lonxano ao noso.

Este mundo ficticio plagado de lixo, onde o plástico é omnipresente, podería asemellarse ó trágico destino do noso planeta.

Hoxe máis que nunca orixinar conciencia sobre os problemas medioambientais aos que estamos afrontados é un obxectivo que desexamos facer dende a arte. Para isto, GAIA BABA somérxenos na aventura das viaxes, batallas ou persecucións que lle acontecen dende o seu humor e a súa súa tenrura. En resumo, un conto fantástico.



A importancia e peso da temática da peza, empuxounos a buscar unha linguaxe universal, que traspase os límites da lingua.

O idioma de GAIA BABA é o da **música**; este é o seu texto. Composta para e dende a obra e presentada **en vivo** durante o espectáculo.

A música reflicte e agranda as emocións, o ritmo das escenas e as súas personaxes. Xera as atmósferas onde todo transcorre.

É **dramaturxia** e é a ponte entre o escenario e a sala, acompañando ó espectador durante todo o espectáculo e levándoo á súa inmersión.





Para a compañía, GAIA BABA é tamén unha investigación sobre as artes do **monicreque** e o **teatro físico**. A unión de dous terreos escénicos en pos de buscar novos modos de expresión e de manipulación.

Traballamos dende a expresividade tanto do obxecto coma do propio corpo do manipulador como xerador de espazos, prolongación de emocións e orixinador de atmosferas.

Co fin de acadar dinámicas máis ricas e expresivas, a **danza**, a **máscara** e a **música en vivo** fusiónanse xunto co fítere para contar unha historia en imaxes sen a necesidade de texto.



A COMPAÑÍA

Nauta é unha xove compañía internacional. Un grupo de creadores que veñen do teatro, o circo, a música e os mundos da máscara e o fítere.

Dende o desexo de afondar e descubrir a arte escénica do día de hoxe, Moving Compass busca e explora un teatro onde os estilos se xuntan para abrir novos espazos. Unha arte escénica sen élites. Un punto de encontro onde sumerxirse no extraordinario da arte. Onde todo sexa posible.



DIRECCIÓN E DRAMATURXIA:

Cía. Nauta

MARIONETAS E ESCENOGRAFÍA:

Cía. Nauta

MÚSICA:

Tomé Mouriño Covelo

ILUMINACIÓN:

Javier Quintana

Carlos Gallardo

INTÉRPRETES:

Daniel Gómez Iglesias

Rafael Rey

Tomé Mouriño Covelo

Mathias Rodriguez

FOTOGRAFÍA:

Rocío Rodriguez

Lorenzo Negueruela



FICHA TÉCNICA

Espectáculo familiar (a partir de 7 años)

3 ACTORES / 1 MÚSICO

DURACIÓN: 1H

XÉNERO:

Fantasia, sensibilización ambiental.

TÉCNICA:

Monicreques, máscaras e teatro físico.

IDIOMA:

Sen texto. Música en vivo.

DIMENSIONES:

8m de ancho

6m de profundidad

5m de altura



Para máis precisión sobre as necesidades técnicas contactar ca compañía



info@nautateatro.com

www.nautateatro.com

 [@nautateatro](https://www.facebook.com/nautateatro)

 [@nautateatro](https://www.instagram.com/nautateatro)

630 41 68 98

Rafael Rey (producción)

630 53 12 92

Carlos Gallardo (técnico)

